

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019 /2020

CENTRO: CPI O CRUCE (CERCEDA)

MATERIA: EPVA

DEPARTAMENTO: DEBUXO

XEFA DO DEPARTAMENTO: PILAR TABARÉS DOMÍNGUEZ

MEMBROS DO DEPARTAMENTO: UNIPERSOAL

DATA: 11 / 05 / 2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EPVA PARA O CURSO 2019/2020 POLA SITUACIÓN DE CONFINAMENTO

ÍNDICE

1ºESO A e B (INGLÉS)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. (páx. 2)
2. Avaliación e cualificación. (páx. 3)
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación). (páx. 4)
4. Información e publicidade. (páx. 5)

3ºESO (INGLÉS) e 3ºESO (GALEGO)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. (páx. 6)
2. Avaliación e cualificación. (páx. 7)
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación). (páx. 8)
4. Información e publicidade. (páx. 9)

4ºESO A e B

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. (páx. 10)
2. Avaliación e cualificación. (páx. 11)
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación). (páx. 12)
4. Información e publicidade. (páx. 13)

1ESO – EPVA (EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar os elementos básicos que integran as imaxes.	Identifica e experimenta co punto, liña e plano analizando imaxes e creando composicións.
2. Reproducir matices variados da cor con técnicas diversas.	Experimenta coas cores primarias e secundarias segundo as sínteses aditiva e subtractiva e coas cores complementarias.
3. Transcribir texturas táctiles e visuais mediante diferentes técnicas.	Experimenta con distintas técnicas como o frottage. Incorpora texturas táctiles e visuais en composicións figurativas ou abstractas.
4. Expresar emocións a través de distintos recursos gráficos.	Realiza composicións que transmiten emocións básicas utilizando distintos recursos gráficos (liñas, puntos, texturas, cores...)
5. Coñecer e aplicar diferentes técnicas gráfico-plásticas de debuxo e pintura: secas, húmidas e mixtas.	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade: lapis de grafito, lápices de cores, témpera, colaxe... Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
6. Recoñecer os graos de iconicidade das imaxes.	Diferencia e realiza imaxes figurativas e imaxes abstractas. Distingue e deseña símbolos e iconas.
7. Analizar e realizar cómics.	Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.
8. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación, e recoñecer as diferentes funcións das mensaxes visuais e audiovisuais, e rexeitar actitudes consumistas, sexistas, xenóforas e discriminatorias.	Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual. Recoñece a función de cada mensaxe visual e audiovisual, rexeitando actitudes consumistas, sexistas, xenóforas e discriminatorias.
9. Recoñecer e trazar diferentes lugares xeométricos.	Constrúe lugares xeométricos comúns (rectas, paralelas, perpendiculares, segmentos, circunferencias, ángulos...) empregando as ferramentas de debuxo técnico con suficiente precisión.
10. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, e recoñecer os regulares e os irregulares.	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a doce lados. Diferencia claramente se un polígono é regular ou irregular.
11. Estudar a construción de polígonos regulares inscritos na circunferencia e representar con precisión formas xeométricas básicas.	Constrúe polígonos regulares de tres, catro, seis, oito e doce lados inscritos na circunferencia, así como polígonos estrelados, con precisión e destreza aceptables.
12. Superar estereotipos e convencionalismos para respectar e valorar as diferentes manifestacións artísticas, alleas e propias, libre de calquera prexuízo,	Adquire, de forma gradual, autonomía perceptiva que lle permite superar estereotipos e convencionalismo, desenvolvendo capacidades expresivas para valorar diferentes manifestacións artísticas, alleas e propias, libre de calquera prexuízo
13. Realizar proxectos individuais e colectivos de xeito creativo e respectuoso.	Realiza proxectos, tanto individuais como colectivos, participando activamente e amosando respecto pola diferentes opinións e aproximacións ao traballo.
14. Valorar a correcta resolución dos traballos propostos, así como a limpeza do lugar de traballo e a entrega na data requerida.	Presenta os traballos na forma e data requeridas. Mantén a súa zona de traballo limpa.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Se avaliará o progreso, non só os logros acadados polo alumnado, para o que se recollerán datos tanto sobre os avances relativos a conceptos como a procedementos e actitudes. Na avaliación final do curso 2019-2020 se considerarán as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente a aprendizaxe das competencias imprescindibles, e as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, co fin de non perxudicar aos estudantes máis vulnerables na situación de pandemia polo Coronavirus.</p>
	<p>Instrumentos: Produtos (caderno actualizado con traballos e proxectos realizados: presentación, limpeza, expresión plástica, expresión escrita se a houbera, comprensión): 80% Observación directa para avaliar procedementos e actitude cara ao traballo, a materia e o grupo, tanto en actividades individuais como de grupo (comportamento, participación e interese): 20%</p>
Cualificación final	<p>Media das cualificacións obtidas na 1ªAvaliación e na 2ªAvaliación. Se avaliará a participación activa durante a 3ªAvaliación, que terá sempre valor positivo sobre a cualificación obtida polo alumnado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Presentación de traballos non realizados e/presentados durante o curso, alomenos un 50% para poder aprobar a materia.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia pendente</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Reforzo de conceptos básicos, e elaboración de traballos e proxectos individuais e colectivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo con distintos tipos de liñas sobre cores - Traballo cun código de formas e cores sobre a experiencia do confinamento - Traballo sobre o reciclaxe co gallo do Día da Terra (traballo colectivo) - Traballos sobre formas (transformación, formas xoemétricas e orgánicas...) - Traballo sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas - Traballos con texturas visuais e gráficas - Conmemoración do Día das Letras Galegas - Traballos con formas poligonais
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As tarefas propostas son explicadas minuciosamente a través de textos, fotografías e vídeos explicativos, presentados en formatos de fácil visualización, e accesibles a través de ordenador e teléfono móbil. As pautas para facer os diferentes proxectos son subidas ás distintas plataformas dixitais habilitadas polo centro (EDIXGAL e Aula Virtual), así como as creadas polo Departamento en plataformas populares (Google Classroom e Instagram).</p> <p>Os traballos recibidos son corrixidos e remitidos de novo ao alumnado pola mesma vía. Unha vez que os traballos sexan definitivos algúns deles son publicados no Instagram do Departamento de Debuxo (@g.o.c.galeriaocruce) para compartilos coa comunidade educativa, familias e achegados.</p> <p>Se usan as plataformas dixitais habilitadas e o correo electrónico para a recepción dos traballos (fotografías, fotografías de traballos, traballos escaneados, vídeos...).</p> <p>Tanto o correo electrónico como os grupos creados en Instagram para cada aula están sempre a disposición do alumnado co fin de manter o contacto continuo e explicar calquera dúbida respecto aos traballos, ou comentar calquera problema que xurda a nivel persoal.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais empregados polo alumnado en este terceiro trimestre son exclusivos de cada alumno, polo que as actividades propostas teñen en conta esta limitación. Se requirirán os materiais habituais dos que dispuña o alumnado durante o curso (lapis de grafito, lapis de cores, rotuladores, témperas, regras, compás, gomas, libreta...).</p> <p>Tamén se requirirá para certas actividades o uso da cámara do teléfono móbil, do que a maioría do alumnado dispón, ou é facilitado pola familia para un uso puntual.</p> <p>Os recursos serán fundamentalmente presentacións elaboradas polo Departamento, ademais de información e documentación proporcionada por internet que sexa requerida para determinadas actividades.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado a través das plataformas dixitais habilitadas polo centro para comunicarse con eles (EDIXGAL e Aula Virtual), así como a través da propia páxina web do centro, e tamén a través das contas creadas polo Departamento en plataformas populares (Google Classroom e Instagram).
Publicidade	Se publicará toda a información na páxina web do centro.

3ESO – EPVA (EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Coñecer métodos creativos gráfico-plásticos e aplicalos na creación de composicións persoais e colectivas.	Crea composicións con métodos creativos, elaborando bosquejos e debuxos, e reflexionando sobre o proceso creativo.
2. Identificar e diferenciar cor luz e cor pigmento.	Realiza modificacións na cor para crear diferentes sensacións.
3. Coñecer e aplicar diferentes técnicas gráfico-plásticas coas súas posibilidades expresivas	Utiliza con propiedade diferentes técnicas gráfico-plásticas segundo o obxectivo da actividade. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
4. Valorar a correcta resolución dos traballos propostos, así como a limpeza do lugar de traballo e a entrega na data requerida.	Presenta os traballos na forma e data requeridas. Mantén a súa zona de traballo limpa.
5. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento.	Elabora unha animación con medios dixitais ou analóxicos
6. Describir, analizar e interpretar unha imaxe.	Analiza unha imaxe mediante unha lectura obxectiva e outra lectura subxectiva, identificando elementos visuais e narrativos, interpretando o seu significado.
7. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía, e os aplica da realización de fotografías, aplicando diferentes leis compositivas.
8. Identificar as linguaxes visuais e audiovisuais, apreciando diferentes estilos, valorando e respectando o patrimonio histórico e cultural.	Deseña mensaxes visuais e audiovisuais con diferentes linguaxes e distintas funcións.
9. Coñecer diferentes lugares xeométricos, clasificar e construír polígonos e outros trazados.	Explica e traza lugares xeométricos comúns, clasifica e constrúe polígonos e diferentes trazados.
10. Estudar conceptos de simetría, xiro e translación aplicándoos ao deseño de composicións con módulos	Executa deseños modulares aplicando repetición, xiros e simetrías.
11. Comprender o concepto de proxección e perspectiva para a representación de volumes e espazos.	Debuxa correctamente proxección de pezas e realiza perspectivas de volumes e espazos sinxelos.
12. Superar estereotipos e convencionalismos para respectar e valorar as diferentes manifestacións artísticas, alleas e propias, libre de calquera prexuízo,	Adquire, de forma gradual, autonomía perceptiva que lle permite superar estereotipos e convencionalismo, desenvolvendo capacidades expresivas para valorar diferentes manifestacións artísticas, alleas e propias, libre de calquera prexuízo
13. Realizar proxectos individuais e colectivos de xeito creativo e respectuoso.	Realiza proxectos, tanto individuais como colectivos, participando activamente e amosando respecto pola diferentes opinións e aproximacións ao traballo.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Se avaliará o progreso, non só os logros acadados polo alumnado, para o que se recollerán datos tanto sobre os avances relativos a conceptos como a procedementos e actitudes. Na avaliación final do curso 2019-2020 se considerarán as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente a aprendizaxe das competencias imprescindibles, e as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, co fin de non prexudicar aos estudantes máis vulnerables na situación de pandemia polo Coronavirus.</p>
	<p>Instrumentos: Produtos (caderno actualizado con traballos e proxectos realizados: presentación, limpeza, expresión plástica, expresión escrita se a houbera, comprensión): 80% Observación directa para avaliar procedementos e actitude cara ao traballo, a materia e o grupo, tanto en actividades individuais como de grupo (comportamento, participación e interese): 20%</p>
Cualificación final	<p>Media das cualificacións obtidas na 1ªAvaliación e na 2ªAvaliación. Se avaliará a participación activa durante a 3ªAvaliación, que terá sempre valor positivo sobre a cualificación obtida polo alumnado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Presentación de traballos non realizados e/presentados durante o curso, alomenos un 50% para poder aprobar a materia.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia pendente</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3ESO – EPVA (EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Reforzo de conceptos básicos, e elaboración de traballos e proxectos individuais e colectivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo fotográfico incidindo na importancia da luz e a observación do contorno inmediato (Diarios de Luz) - Traballo sobre o reciclaxe co gallo do Día da Terra (traballo colectivo) - Exercicios de Perspectiva Cónica Frontal e Oblicua - Presentación de proxectos realizados con Perspectiva Cónica Frontal e Oblicua - Traballo sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas - Traballos modulares
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As tarefas propostas son explicadas minuciosamente a través de textos, fotografías e vídeos explicativos, presentados en formatos de fácil visualización, e accesibles a través de ordenador e teléfono móbil. As pautas para facer os diferentes proxectos son subidas ás distintas plataformas dixitais habilitadas polo centro (EDIXGAL e Aula Virtual), así como as creadas polo Departamento en plataformas populares (Google Classroom e Instagram).</p> <p>Os traballos recibidos son corregidos e remitidos de novo ao alumnado pola mesma vía. Unha vez que os traballos sexan definitivos algúns deles son publicados no Instagram do Departamento de Debuxo (@g.o.c.galeriaocruce) para compartilos coa comunidade educativa, familias e achegados.</p> <p>Se usan as plataformas dixitais habilitadas e o correo electrónico para a recepción dos traballos (fotografías, fotografías de traballos, traballos escaneados, vídeos...).</p> <p>Se usan as plataformas dixitais habilitadas e o correo electrónico para a recepción dos traballos (fotografías, fotografías de traballos, traballos escaneados, vídeos...).</p> <p>Tanto o correo electrónico como os grupos creados en Instagram para cada aula están sempre a disposición do alumnado co fin de manter o contacto continuo e explicar calquera dúbida respecto aos traballos, ou comentar calquera problema que xurda a nivel persoal.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais empregados polo alumnado en este terceiro trimestre son exclusivos de cada alumno, polo que as actividades propostas teñen en conta esta limitación. Se requirirán os materiais habituais dos que dispuña o alumnado durante o curso (lapis de grafito, lapis de cores, rotuladores, témperas, regras, compás, gomas, libreta...).</p> <p>Tamén se requirirá para certas actividades o uso da cámara do teléfono móbil, do que a maioría do alumnado dispón, ou é facilitado pola familia para un uso puntual.</p> <p>Os recursos serán fundamentalmente presentacións elaboradas polo Departamento, ademais de información e documentación proporcionada por internet que sexa requerida para determinadas actividades.</p>

3ESO – EPVA (EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado a través das plataformas dixitais habilitadas polo centro para comunicarse con eles (EDIXGAL e Aula Virtual), así como a través da propia páxina web do centro, e tamén a través das contas creadas polo Departamento en plataformas populares (Google Classroom e Instagram).
Publicidade	Se publicará toda a información na páxina web do centro.

4ESO – EPVA (EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, expresando a subxectividade persoal, empregando diferentes soportes e técnicas, cos códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica.	Realiza composicións artísticas, seleccionando os elementos da linguaxe plástica e visual, esquemas compositivos, liñas compositivas, cores, e emprega os materiais e técnicas con precisión.
2. Elixir materiais e técnicas axeitadas para elaborar unha composición en base a uns obxectivos prefixados.	Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos para expresarse, mantendo o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado.
3. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos de grupo.
4. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación.	Explica con linguaxe axeitada o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. Analiza as obras de arte.
5. Analizar e realizar deseños con formas xeométricas planas, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	Diferencia os sistema de debuxo descritivo do perceptivo. Analiza e resolve problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
6. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñería.	Debuxa figuras tridimensionais sinxelas en distintos sistemas, e visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
7. Percibir e interpretar criticamente as imaxes do seu ámbito cultural, e realizar composicións creativas que evidencien a linguaxe do deseño.	Realiza distintos tipos de deseños, planificando as distintas fases, con exactitude e limpeza na representación gráfica, utilizando tecnoloxías da información e comunicación, amosando respecto polo realizado polos compañeiros.
8. Identificar estruturas narrativas das mensaxes audiovisuais e as súas finalidades.	Identifica e analiza os tipos de planos e angulacións que aparecen en películas, anuncios e fotografías, e analiza as finalidades das diferentes imaxes.
9. Realizar composicións creativas a partir do códigos da linguaxe audiovisual.	Realiza proxectos persoais seguindo o esquema do proceso de creación.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Se avaliará o progreso, non só os logros acadados polo alumnado, para o que se recollerán datos tanto sobre os avances relativos a conceptos como a procedementos e actitudes. Na avaliación final do curso 2019-2020 se considerarán as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente a aprendizaxe das competencias imprescindibles, e as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, co fin de non perxudicar aos estudantes máis vulnerables na situación de pandemia polo Coronavirus.</p>
	<p>Instrumentos: Produtos (caderno actualizado con traballos e proxectos realizados: presentación, limpeza, expresión plástica, expresión escrita se a houbera, comprensión): 80% Observación directa para avaliar procedementos e actitude cara ao traballo, a materia e o grupo, tanto en actividades individuais como de grupo (comportamento, participación e interese): 20%</p>
Cualificación final	<p>Media das cualificacións obtidas na 1ªAvaliación e na 2ªAvaliación. Se avaliará a participación activa durante a 3ªAvaliación, que terá sempre valor positivo sobre a cualificación obtida polo alumnado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Presentación de traballos non realizados e/presentados durante o curso, alomenos un 50% para poder aprobar a materia.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia pendente</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Reforzo de conceptos básicos, e elaboración de traballos e proxectos individuais e colectivos.</p> <p>Porpostas para a elaboración dun Caderno de Debuxo persoal con diferentes propostas que reflicten conceptos recollidos na programación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Natureza, siluetas e texturas - Debuxos de observación - Collages - Retratos - Interpretación de obras de diferentes artistas - Traballos con tipografías e comunicación - Xeometrías - Uso da cor (monocromías e emprego libre da cor) - Composicións con temática de actualidade (coronavirus) - Deseños en positivo e negativo - Composición combinando collage con textos e debuxo - Observación do contorno - Traballo sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As tarefas propostas son explicadas minuciosamente a través de textos, fotografías e vídeos explicativos, presentados en formatos de fácil visualización, e accesibles a través de ordenador e teléfono móbil.</p> <p>As pautas para facer os diferentes proxectos son subidas ás distintas plataformas dixitais habilitadas polo centro (EDIXGAL e Aula Virtual), así como as creadas polo Departamento en plataformas populares (Google Classroom e Instagram).</p> <p>Os traballos recibidos son corrixidos e remitidos de novo ao alumnado pola mesma vía. Unha vez que os traballos sexan definitivos algúns deles son publicados no Instagram do Departamento de Debuxo (@g.o.c.galeriaocruce) para compartilos coa comunidade educativa, familias e achegados.</p> <p>Se usan as plataformas dixitais habilitadas e o correo electrónico para a recepción dos traballos (fotografías, fotografías de traballos, traballos escaneados, vídeos...).</p> <p>Se usan as plataformas dixitais habilitadas e o correo electrónico para a recepción dos traballos (fotografías, fotografías de traballos, traballos escaneados, vídeos...).</p> <p>Tanto o correo electrónico como os grupos creados en Instagram para cada aula están sempre a disposición do alumnado co fin de manter o contacto continuo e explicar calquera dúbida respecto aos traballos, ou comentar calquera problema que xurda a nivel persoal.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais empregados polo alumnado en este terceiro trimestre son exclusivos de cada alumno, polo que as actividades propostas teñen en conta esta limitación. Se requirirán os materiais habituais dos que dispuña o alumnado durante o curso (lapis de grafito, lapis de cores, rotuladores, témperas, regras, compás, gomas, libreta...).</p> <p>Tamén se requirirá para certas actividades o uso da cámara do teléfono móbil, do que a maioría do alumnado dispón, ou é facilitado pola familia para un uso puntual.</p> <p>Os recursos serán fundamentalmente presentacións elaboradas polo Departamento, ademais de información e documentación proporcionada por internet que sexa requirida para determinadas actividades.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado a través das plataformas dixitais habilitadas polo centro para comunicarse con eles (EDIXGAL e Aula Virtual), así como a través da propia páxina web do centro, e tamén a través das contas creadas polo Departamento en plataformas populares (Google Classroom e Instagram).
Publicidade	Se publicará toda a información na páxina web do centro.